

Importe total: cincocentos tres mil douscentos oitenta e cinco euros con sesenta e tres céntimos (503.285,63 €).

5. Garantías exixidas:

a) Provisional: non se exige.

b) Definitiva: 5% do orzamento de licitación (IVE incluído) 25.164,28 €.

6. Requisitos específicos do contratista.

a) Clasificación: grupo: C-subgrupos: todos-categoría: E.

b) Solvencia económica e financeira e técnica ou profesional: ver o prego cláusulas administrativas particulares.

7. Presentación de ofertas e de solicitudes de participación:

a) Data límite de presentación: 13 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

b) Modalidade de presentación: as ofertas pódense presentar en man ou por correo na forma indicada no artigo 80 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

c) Lugar de presentación:

1) Dependencia: rexistro xeral do edificio administrativo da Xunta de Galicia de Lugo.

2) Enderezo: rolda da Muralla, 70-baixo.

3) Localidade e código postal: Lugo, 27071.

d) Admisión de variantes: non.

e) Prazo durante o que o licitador estará obrigado a manter a súa oferta: dous meses contados desde a data de apertura das proposicións.

8. Apertura das ofertas:

a) Entidade: Departamento Territorial.

b) Enderezo: rolda da Muralla, 70-baixo.

c) Localidade: Lugo.

d) Data: o oitavo día natural contado a partir do seguinte a aquel en que remate o prazo de presentación das ofertas.

e) Hora: ás 10.00 horas.

9. Gastos de publicidade: o importe deste anuncio será por conta do adxudicatario do contrato.

10. Outras informacións: véxanse os pregos.

Lugo, 6 de xullo de 2009.

P.D. (Orde 4-5-2009)  
Cristina Ortiz Dorda  
Secretaría xeral da Consellería  
de Traballo e Benestar

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Edicto do 22 de xuño de 2009, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se resolve o expediente de clasificación do monte coa denominación de Outeiro da Serra, Campiño Verde e Cancelos, As Coutadas, Cavadas Vellas, Xardín e Os Campos por solicitude dos veciños dos lugares de Berredo e San Pedro, da parroquia de San Miguel de Berredo, no concello da Bola (Ourense).*

En cumprimento do disposto no artigo 28 do regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto no artigo 60.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, faise público que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, en sesión que tivo lugar con data do 10 de marzo de 2009, adoptou a seguinte resolución:

Visto o expediente de clasificación como veciñal e man común do monte denominado Outeiro da Serra, Campiño Verde e Cancelos, As Coutadas, Cavadas Vellas, Xardín e Os Campos, tramitado por solicitude dos veciños dos lugares de Berredo e San Pedro, da parroquia de San Miguel de Berredo, resultan os seguintes:

Feitos:

Primeiro.-Con data do 28 de novembro de 2006 tivo entrada no rexistro da delegación provincial da Consellería do Medio Rural escrito dirixido ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de veciños dos lugares de Berredo e San Pedro, parroquia de San Miguel de Berredo, no concello da Bola (Ourense), no cal solicitan a clasificación como veciñal en man común do devandito monte a favor dos veciños dos citados lugares.

Segundo.-Con data do 22 de abril de 2008, o xurado provincial acorda iniciar o expediente de clasificación como veciñal en man común do referido monte, designando instrutor e procedendo a realizar as comunicacións e publicacións a que fan referencia os artigos 20, 21 e 23 do regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e abrindo un período dun mes para a práctica de alegacións.

Terceiro.-No prazo concedido para a práctica de alegacións foron presentadas alegacións polo Concello da Bola contra o inicio de clasificación do monte Outeiro da Serra, Campiño Verde e Cancelos, As Coutadas, Cavadas Vellas, Xardín e Os Campos, a favor dos veciños de Berredo e San Pedro (parroquia de San Miguel de Berredo) onde alega indefensión pola inconcreción das parcelas que se pretenden

clasificar. Posteriormente foille remitida ao concello planimetría STGA 1:5.000 e relación de coordenadas UTM das parcelas en trámite. Afirma en todo caso o concello que esas parcelas ou outras coincidentes están rexistradas no Rexistro da Propiedade de Celanova a nome do Concello da Bola, estando incluídas no Inventario de bens municipais desde polo menos o 26 de outubro de 1951 e sendo desfrutadas polo ente municipal desde tempo inmemorial.

Os veciños, pola súa vez, manifestan que pode haber erro por parte do concello na identificación dalgunha parcela, concretamente da denominada Cavadas Vellas, así como que a parcela incluída na letra «A» das alegacións presentadas polo mesmo concello se debe referir a unha parcela distinta xa que a superficie da que relaciona é de 40 a mentres a da que solicitan a clasificación os veciños é de 4.45 ha, e conclúe o escrito destes reiterando a petición de clasificación das parcelas que figuran no expediente como veciñal en man común.

Cuarto.-O monte obxecto de clasificación, de acordo coa documentación que figura no expediente, descríbese así:

Concello: A Bola.

Denominación do monte: Outeiro da Serra, Campiño Verde e Cancelos, As Coutadas, Cavadas Vellas, Xardín e Os Campos.

Comunidade veciñal solicitante: veciños de Berredo e San Pedro.

Superficie: 35,33 ha.

-Monte Outeiro da Serra, Campiño Verde e Cancelos.

Superficie: 22,55 ha, aproximadamente.

Estremas:

Norte e oeste: camiño público e Castiñeira, sendo os propietarios deste último Cándido Feijoo, herdeiros de Filomena Miranda, Juan Salgado, Antonio Vilanova e outros. Predios particulares: herdeiros de María Balbín, herdeiros de Nieves Feijoo, José Miranda e outros.

Sur: limita co concello de Rairiz de Veiga, sendo propietarios Benigno Corbillón, Celsa Carbajales, herdeiros de Ramón Feijoo, herdeiros de Antonio Machado, Pilar Vilanova, Jesús Vaqueiro e outros.

Leste: con propiedades da parroquia de Pardavedra e Nieves Fernández, Concha de Pardavedra, herdeiros de David Fondo da Vila e outros.

-Monte Coutadas.

Superficie: 3,48 ha, aproximadamente.

Estremas:

Norte: propiedade de Francisco Rivero, Purificación Lorenzo, José Gómez e irmáns e outros.

Sur: propiedade de Enrique Rivero.

Leste: propiedade de herdeiros de Claudio Álvaro, herdeiros de Francisco Domínguez, Manuela Freire, Isolino Martínez e outros.

Oeste: propiedade de Enrique Rivero, Herminio Míguez, Manuel Torres, Baselisa del Río, camiño público e outros.

-Monte Cavadas Vellas.

Superficie: 1,33 ha, aproximadamente.

Estremas:

Norte: propiedade de Gumersinda Cótano, Benjamin González e outros.

Sur: camiño público.

Leste: camiño público.

Oeste: propiedade de Enrique Rivero, Herminio Míguez, Manuel Torres, Baselisa del Río, camiño público e outros.

-Monte Xardín.

Superficie: 3,52 ha, aproximadamente.

Estremas:

Norte: propiedade de herdeiros de Vicente Miran-da e outros.

Sur: camiño público.

Leste: camiño público.

Oeste: propiedade de Benjamín González, José Gómez e irmáns e outros.

-Monte Campos.

Superficie: 4,45 ha, aproximadamente.

Estremas:

Norte: camiño público, propiedade de Francisco Rivero, herdeiros de Pastora Suárez e outros.

Sur: propiedade de César Cid, Trinidad Cid e outros.

Leste: propiedade de herdeiros de Severino de Pardavedra e Áurea García.

Oeste: propiedade de Francisco Rivero, herdeiros de Pastora Suárez e outros.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.-O xurado provincial de clasificación de montes veciñais en man común é órgano competente para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter, de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.-De conformidade co disposto no artigo 1 da devandita lei «son montes veciñais en man común... os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan

aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños».

Terceiro.-É reiterada doutrina da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo que son dúas as notas características dos montes veciñais en man común: unha, o aproveitamento consuetudinario en man común, e outra, a atribución da titularidade dese aproveitamento aos veciños integrantes dun grupo social determinado, independentemente da súa cualificación ou non como entidade administrativa; correspondendo constatar o aproveitamento e atribuír a titularidade a favor do grupo social que o veña disfrutando ao xurado provincial de clasificación.

Cuarto.-O carácter de monte veciñal en man común tense acreditado mediante as testemuñas dos veciños solicitantes e as actuacións realizadas polo Servizo de Montes e Industrias Forestais, sen que durante a tramitación do procedemento se tivese producido reclamación ningunha de titularidade distinta.

O feito de que exista unha inscrición rexistral a favor do concello non impide por si a clasificación do monte como veciñal, agás que fose por sentenza a dita inscrición, segundo dispón o artigo 13 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e o artigo 27 do seu regulamento (Decreto 260/1992).

Reiterada xurisprudencia do TS (así as STS 27-02-1998, 7-3-2001) establece que o xurado provincial de clasificación de montes veciñais en man común debe limitarse a constatar a existencia ou non do aproveitamento consuetudinario do monte polo grupo social que o vén disfrutando, non sendo de competencia do xurado os conflitos da propiedade, que corresponden á xurisdición ordinaria.

En consecuencia co que antecede, vista a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, o Decreto 562/2005, do 1 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, e demais normativa legal e regulamentaria, o xurado provincial por unanimidade dos seus membros, resolve:

Clasificar como monte veciñal en man común a favor dos veciños dos lugares de Berredo e San Pedro, parroquia de San Miguel de Berredo, no concello da Bola (Ourense) coa descrición reflectida no feito cuarto.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da Lei 13/1989 (citada), nos artigos 116 e 117 da

Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa

Ourense, 22 de xuño de 2009.

Ricardo Ignacio Vecillas Rojo  
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común

*Edicto do 26 de xuño de 2009, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se resolve o expediente de clasificación do monte coa denominación de comunal de Bouzas, por solicitude dos veciños de Bouzas, da parroquia da Manchica, no concello da Merca (Ourense).*

En cumprimento do disposto no artigo 28 do regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto no artigo 60.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, faise público que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, en sesión que tivo lugar o 10 de marzo de 2009, adoptou a seguinte resolución:

Visto o expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado Comunal de Bouzas a favor dos veciños da parroquia da Manchica, no concello da Merca (Ourense), resultan os seguintes

Feitos:

Primeiro.-Con data do 10 de abril de 2008 tivo entrada no rexistro da Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural escrito dirixido ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de veciños de Bouzas, da parroquia da Manchica, no concello da Merca (Ourense), no cal solicitan a clasificación como veciñal en man común do devandito monte a favor dos veciños do citado lugar.

Segundo.-Con data do 2 de xullo de 2008, o xurado provincial acorda iniciar o expediente de clasificación como veciñal en man común do referido monte, designar instrutor e proceder a realizar as comunicacións e publicacións a que fan referencia os artigos 20, 21 e 23 do regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, abrindo un período dun mes para a práctica de alegacións.



**José Antonio García Rodríguez**, secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

**CERTIFICO:**

Que na sesión do **13 de xullo de 2011** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**IX.-** En relación co comunal da Serra, Campiño Verde e Cancelos, Coutadas, Cavadas Vellas, Xardín e Os Campos no concello de A Bola, segundo a corrección de erro material solicitada no seu día por D. José Carbajales González (que asiste xunto con D. José Gómez a presente reunión do Xurado Provincial) o Diario Oficial de Galicia (DOG nº 25 do 07.02.2011) publicou o respectivo anuncio dando prazo, a efectos de trámite de audiencia, para que os interesados consultaran o expediente e no seu caso formularan alegacións e, transcorridos os prazos previstos, non constando alegación algunha o respecto, o Xurado Provincial acorda aceptar a corrección de erro proposta resultando pois clasificado o devandito monte a favor dos veciños de Berredo e San Pedro e a marxe esquerda de Capelo e A Cortiña (en enderezo a San Pedro) no concello de A Bola (Ourense).


E para que conste aos efectos oportunos expido o presente en Ourense a vinteoito de xullo de dous mil once.

Vº Bº

O Presidente

Ricardo Ignacio Vecillas Rojo






Monte veciñal en man común "Outeiro da Serra, Campiño Verde e Canceiros, As Coutadas, Cavadas Vellas, Xardín e Os Campos",  
 Pertencente a Berredo e San Pedro e a marxe esquerda de Capelo e A Curtiña (en enderezo a San Pedro)  
 Concello da Bola

Cartografía catastral: servidor WMS da Dirección Xeral do Catastro  
 Escala 1:7.500. Proxección UTM, fuso 29 N, zona T. Datum ED50

Consellería do Medio Rural e do Mar. Xefatura Territorial de Ourense. Servizo de montes



Monte veciñal en man común "Outeiro da Serra, Campiño Verde e Canceiros, As Coutadas, Cavadas Vellas, Xardín e Os Campos",  
 Pertencente a Berredo e San Pedro e a marxe esquerda de Capelo e A Curtiña (en enderezo a San Pedro)  
 Concello da Bola

Follas topográficas dixitais números 263-18 e 263-28 da Xunta de Galicia  
 Escala 1:7.500. Proxección UTM, fuso 29 N, zona T. Datum ED50

Consellería do Medio Rural e do Mar. Xefatura Territorial de Ourense. Servizo de montes